

materia

Tecnoloxía da Xardinaría e o Paisaxismo

unidade didáctica 1

Historia da Xardinaría e o Paisaxismo

M^a Isabel Iglesias Díaz

Departamento de Produción Vexetal
Escola Politécnica Superior

titulación

Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade de Hortofruticultura e Xardinaría



Vicerreitoría de Cultura



unidade didáctica 1

Historia da Xardinaría e o Paisaxismo

M^a Isabel Iglesias Díaz
Departamento de Producción Vexetal
Escola Politécnica Superior



© Universidade de Santiago de Compostela, 2010

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Cultura
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital
Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 1187-2010

ISBN 978-84-9887-301-6

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Tecnoloxía da xardinaría e o paisaxismo

TITULACIÓN: Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade de Hortofruticultura e Xardinaría

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da unidade didáctica

Unidade I. Historia da xardinaría e o paisaxismo

Xardinaría e paisaxismo
O xardín na historia
A paisaxe e os recursos naturais

Unidade II. Estudo de condicionantes

Investigación e avaliación do emprazamento
Necesidades do usuario

Unidade III. Deseño de espazos verdes

Elementos e principios estéticos do deseño
Técnicas para o deseño do espazo exterior
Selección do material vexetal
Deseño de plantación

Unidade IV. Plantas ornamentais

Coníferas
Palmáceas e Agaváceas
Arbores
Arbustos
Enredadeiras
Plantas herbáceas
Plantas acuáticas

Unidade V. Técnicas de construción e instalacións

Materiais duros
Elementos decorativos
Rego de xardíns
Iluminación exterior

Unidade VI: Céspedes e plantacións

Céspedes. Implantación
Plantacións
Transplante de árbores grandes
Valoración do arboredo ornamental

Unidade VII: Técnicas de restauración paisaxística

Estabilización de pendentes
Utilización de gramíneas e plantas herbáceas
Utilización de plantas leñosas

Unidade VIII. O mantemento e a conservación dos espazos verdes

Introdución
Céspedes: labores de conservación
Infestas e enfermidades do céspede
Plantacións: labores de conservación
Infestas e enfermidades
Labores de poda: árbores
Labores de poda: arbustos
Elementos duros

A oferta de mantemento

Mantemento de plantacións e sementas en autoestradas, autovías e estradas

Unidade IX. Xardíns especiais

Xardíns de rocalla

Xardíns acuáticos

Xardinaría de interior

Xardíns sobre tellados

A xeroxardinaría

ÍNDICE

Presentación	7
Os obxectivos	7
A metodoloxía	8
Os contidos básicos	8
1. Xardinaría e paisaxismo	9
1.1. Definición. Xardín e paisaxe	9
1.2. Situación actual	9
2. O xardín na historia	10
2.1. Orixes da xardinaría. Xardinaría antiga	11
2.2. A xardinaría romana	12
2.3. O xardín islámico	12
2.4. A xardinaría na Idade Media.....	14
2.5. O xardín renacentista	15
2.6. O xardín barroco	16
2.7. A revolución paisaxista	17
2.8. O xardín oriental	18
2.9. América e o século XX	20
2.10. Tipoloxías dos espazos verdes actuais	21
3. A paisaxe e os recursos naturais	22
3.1. A Conservación dos recursos.....	22
3.2. A Conservación das paisaxes	22
Actividades propostas	23
Avaliación da UD	23
Anexo: cuestionario de avaliación	24
Bibliografía básica	24

PRESENTACIÓN

A importancia da unidade na materia de *Tecnoloxía da Xardinaría e o Paisaxismo* radica en que introduce e senta as bases para o desenvolvemento doutras unidades posteriores. A unidade axuda a entender os conceptos de xardín e paisaxe, implícitos na materia, e a comprender as bases que guiaron o deseño de xardíns ao longo da historia. Cando remate a unidade o alumno terá un coñecemento do vocabulario dispoñible para o deseño, co que se crearon no pasado e se están creando no presente os xardíns e os espazos verdes.

A duración total estímase en 9 horas, dedícaselle 1 hora á introdución de conceptos e importancia profesional do sector. O segundo bloque é onde se explica o vocabulario de elementos do deseño utilizados na creación de xardíns ao longo da historia e que continúan utilizándose na actualidade, así como as tipoloxías de xardíns que podemos atopar na actualidade, dedicándolle unhas 7 horas presenciais. Na última hora analizamos a paisaxe e a súa evolución histórica, considerando o seu valor ecolóxico, paisaxístico e como recurso que debemos potenciar e conservar. Dedícaselle un día enteiro a prácticas de campo para a visita *in situ* de xardíns históricos e actuais.

Esta unidade senta as bases da seguinte unidade didáctica de *Deseño de espazos verdes*.

OS OBXECTIVOS

O alumnado, ao finalizar a unidade didáctica, será capaz de:

- Entender o significado dos termos xardín e paisaxe e saber interpretalos.
- Coñecer as actividades e organizacións profesionais vinculadas á materia de *Tecnoloxía da Xardinaría e o Paisaxismo*, reflexo do posible futuro profesional do alumno.
- Coñecer a evolución no concepto e a función do xardín ao longo da historia; entender como estes cambios lle afectaron e afectan á creación de espazos verdes.
- Coñecer os elementos e principios de deseño utilizados na creación dos diferentes estilos históricos.
- Identificar os diferentes estilos históricos desenvolvidos ao longo da historia.
- Coñecer a diversidade de espazos verdes que existen na actualidade.

- Concienciarse da importancia do medio natural, o concepto deste como recurso que hai que potenciar, conservar e recuperar.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A metodoloxía a empregar na docencia desta unidade didáctica vai ser expositiva e interrogativa. As exposicións nas clases maxistras combinaranse coa proxección de planos e fotos de xardíns históricos. O profesor explicará e analizará cada caso, intentando implicar os alumnos, que deberán analizar por si mesmos os exemplos mostrados e encontrar as similitudes e as diferenzas de cada un. Nesta unidade, os alumnos deberán traballar a memoria fotográfica, xa que esta é fundamental para reter e asociar os diferentes estilos históricos. O tempo do que se dispón é reducido polo que non se pode explicar con profundidade todos os estilos e etapas da historia, tratarase de explicar o máis importante na clase e dar información complementaria para que o alumno poida ampliar os coñecementos co seu traballo persoal. O alumno disporá dunha lista de páxinas web recomendadas polo profesor onde poderá visualizar e analizar exemplos de diferentes estilos de xardíns históricos e tamén actuais

Nesta unidade faremos viaxes de campo co obxectivo de analizar *in situ* exemplos de xardíns autóctonos e xardinaría actual.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Os contidos da unidade agrúpanse en tres bloques. No primeiro bloque trátase de definir os conceptos de xardín e paisaxe, e como pode variar o significado dependendo do contexto no que se utilice. A continuación explícanse os tipos de actividades que se levan a cabo no sector da xardinaría e do paisaxismo e os tipos de empresas que agrupan as diferentes actividades.

Un segundo bloque, o máis amplo en duración da unidade, dedícase ao estudo dos xardíns creados polo home ao longo da historia. A influencia das condicións sociais, políticas e filosóficas de cada época e cultura na función e o estilo de xardín. Analízanse os principais estilos históricos, características propias e bases do deseño. Explícanse os grandes cambios na xardinaría do século XX e a influencia que as diversas correntes artísticas tiveron, promovendo unha gran creatividade no deseño de xardíns. Para rematar tipifícanse os espazos verdes de uso na actualidade.

O último bloque está centrado no estudo da paisaxe, en particular no concepto deste, dende os tres principais puntos de vista: ecolóxico, paisaxístico, e como fonte de recursos que temos que protexer e conservar.

1. Xardinaría e paisaxismo

É moi importante dedicar un tempo a introducir o alumno nos conceptos básicos implícitos na materia. Xardín e paisaxe son dous termos que manexamos continuamente e que debemos definir. O coñecemento de cales son as actividades que poderá desenvolver o alumno no ámbito profesional axudarlle a comprender a importancia dos contidos que se explicarán nesta unidade e en unidades posteriores.

1.1. Definición. Xardín e paisaxe

O concepto de xardín é moi antigo. A orixe da palabra xardín procede dos termos *Gan* e *oden*, *Gan* significa protexer, cerrar, e *oden* significa pracer, deleite. De acordo con isto, o xardín ten o significado antigo de *lugar cerrado para o pracer e o deleite*. O concepto de xardín está tamén asociado na maioría das culturas a contidos simbólicos e relixiosos.

O concepto da paisaxe é moi posterior e abarca na actualidade tanto o concepto antigo de xardín, xa mencionado, como outras tipoloxías de zonas verdes actuais e o medio natural. É, polo tanto, un concepto máis amplo cunha historia propia como veremos máis adiante. A paisaxe pode definirse desde tres enfoques diferentes: *estético*, *ecolóxico* e *cultural*. Desde o punto de vista estético podemos entender a paisaxe como unha *pintura ou como un lugar considerado no aspecto artístico*; falando desde un punto de vista ecolóxico enténdese como un *complexo de relacións entre os seres vivos e o medio físico*; por último nun contexto cultural a paisaxe pode definirse como *o escenario da actividade humana*. A diferenciación dos aspectos artísticos e os científicos é importante, e ambos son necesarios para ter unha visión integral da paisaxe.

Se atendemos ao marco espacial podemos entender a paisaxe como *o espazo vinculado á xeografía* no que se contemplan aspectos ecolóxicos, económicos, socioculturais e perceptivos. Neste marco espacial os conceptos de parque e xardín enténdense como *espazos vinculados á poboación, á cidade*, e na súa creación temos que contemplar aspectos estéticos, funcionais, legais e sociais. O xardín privado, *como espazo vinculado ao propietario*, contempla tamén aspectos estéticos e funcionais, pero as necesidades dependen unicamente do propietario, poden ser máis ou menos restritivas.

1.2. Situación actual. Evolución e perspectivas. Actividades que desenvolve. Empresas do sector. Asociacións profesionais

O sector da xardinaría e o paisaxismo é un sector que vai en aumento que demanda cada vez máis profesionais capaces de satisfacer as necesidades das áreas verdes existentes e as de nova creación. A evolución é crecente e a sociedade española está cada vez máis concienciada da importancia do verde e a necesidade de mantelo en boas condicións. As actividades principais da xardinaría e o paisaxismo pódense

agrupar en tres tipos de labores: *a creación de espazos verdes, a conservación de espazos verdes, e as repoboacións forestais e tratamentos silvícolas*. As empresas do sector son moi numerosas na actualidade, pero tenden a estar moi desagregadas. Existen porén varias asociacións importantes a nivel nacional que debemos ter en conta:

- Asociación Española de Parques y Jardines Públicos (AEPJ)
- Asociación de Empresas Restauradoras del Paisaje y Medio Ambiente (ASERPYMA)
- Asociación Nacional de Empresas Forestales (ASENFO)
- Asociación Española de Ingeniería del Paisaje
- Asociación Española de Arboricultura

2. O xardín na historia

O xardín é considerado unha das formas de organización do espazo humano máis antiga, precedendo incluso á arquitectura. Ao longo da historia o xardín evolucionou desde formas primitivas moi simples ata formas de organización moi complexas. Os papeis que desempeñou o xardín ao longo da historia foron diversos. Por unha banda, temos o uso funcional do xardín para a produción de alimento que foi máis ou menos importante dependendo do momento histórico do que falemos. Outro dos papeis do xardín foi o seu uso lúdico, como lugar de pracer. De feito, xa os antigos exipcios lle deron este uso, especialmente as clases sociais máis poderosas. Outra das funcións do xardín ten que ver co seu papel relixioso, uso que data xa do antigo Exipto, onde sabemos que o xardín era empregado nos rituais relixiosos. Por último destacar o papel social do xardín como reflexo das condicións sociais e políticas do momento. Este papel social quedou especialmente patente durante o desenvolvemento do xardín barroco na monarquía absolutista establecida polo rei Luís XIV en Francia. Entón o xardín converteuse nun reflexo do poder do propietario, tanto era así que o xardín máis imponente de Europa era propiedade do rei Sol, e ninguén en Francia debía desafialo. Outro exemplo de reflexo social moi distinto foi o representado polo paisaxismo inglés no que o papel do xardín consistiu en reivindicar a liberdade e a igualdade de todos os homes, este é un dos motivos polo que o xardín paisaxista imitou a natureza libre.

O xardín evolucionou ao longo da historia de xeito diferente en Occidente e Oriente. As causas destas diferenzas hai que buscarlas na diferente mentalidade de ambos os dous mundos. No mundo occidental o xardín partiu principalmente da agricultura e da necesidade de produción de alimento aínda que tivera connotacións simbólicas e relixiosas. Deste xeito a evolución do xardín en Occidente foi paralela aos cambios e melloras das técnicas agrícolas, de rego e tamén construtivas, e o deseño estivo influenciado por estes cambios. No mundo oriental o xardín naceu principalmente das crenzas filosóficas e relixiosas do pobo que se mantivo fiel a elas ao longo da historia. O resultado disto foi que o xardín oriental se mantivo moi constante no tempo, ampliando a riqueza de elementos que

compoñían o xardín a medida que o novo se unía ao antigo. Por esta razón tamén os cambios drásticos de estilo que podemos observar na xardinaría occidental non ocorren na xardinaría oriental.

Podemos resumir as tendencias da arquitectura de xardín en Europa en dúas: unha *formal* e outra *informal*. A primeira acolle os estilos xeométricos, nos que se utiliza a liña recta e a simetría, como son as xardinarías: exipcia, romana, islámica, da Idade Media, renacentista e barroca. A xardinaría informal en Europa está representada polo estilo paisaxista, mentres que en Oriente é a que domina ao longo da historia.

O legado da arte dos xardíns é tremendamente importante xa que, como obras que teñen vida, a súa supervivencia é moito máis difícil que aquela da arquitectura ou das outras artes. É por iso que é necesaria a conservación dos xardíns históricos que existen no mundo. Temos un legado aproximado duns 2000 xardíns conservados, dos que aproximadamente dous terzos están en solo europeo. Debemos destacar dúas asociacións internacionais encargadas de protexer este legado, estas asociacións son: a *IFLA (International Foundation of Landscape Architecture)* e o *ICOMOS (International Committee on Monuments and Sites)*.

2.1. Orixes da xardinaría. Xardinaría antiga

As orixes da xardinaría son escuras. Pénsase que o xardín como espazo de terra cerrado nacería no Neolítico coa domesticación de animais e o cultivo de plantas. Utilízase o termo de *protoxardín* para referirse ás formas de xardín máis primitivo, nos que estaban presentes a auga, as plantas, o cerramento e a asociación co paraíso. Faltaba soamente a organización do espazo para ser considerado un verdadeiro xardín.

Co termo xardinarías antigas agrúpase un conxunto de civilizacións que non deixaron mostras físicas nin ruínas de xardíns. Neste grupo englobábase as civilizacións exipcia, mesopotámica, persa e da antiga Grecia. Aínda que carecemos de restos de xardíns destas civilizacións, coñecemos características da xardinaría que practicaban a través de restos de pinturas, baixorrelevos e descrições. Considérase que as “avenidas” con plantacións simétricas de árbores son unha invención exipcia. O xardín mesopotámico é coñecido a través das descrições que se fan dos xardíns colgantes de Babilonia. Os xardíns persas son descritos como parques de caza e definidos por *Sorensen* como unha estilización da paisaxe agrícola. Os persas achegaron o patrón cruciforme (*chahar bagh- catro xardíns*) na organización do xardín, patrón que está asociado aos catros ríos que son descritos na *Xénese* bañando o paraíso e que se atopan no seu centro.

Os gregos eran mariñeiros máis que agricultores e non destacaron especialmente no deseño e creación de xardíns, pero si que o fixeron como botánicos e naturalistas. A mitoloxía da antiga Grecia retratou os deuses con forma humana e situounos nun ambiente idealizado, a imaxe disto foi o *bosque sagrado*. O concepto da gruta é similar ao bosque sagrado, esta era normalmente unha cova natural cuberta con árbores e que se acompañaba de estatuas de Pan e Ninfas. O termo *ninfeo* utilízase para referirse ás

grutas cando teñen un gran tamaño. Tanto a *gruta* como o *ninfeo* converteranse en elementos característicos dos xardíns renacentistas e barrocos. O peristilo (patio interno rodeado por columnas) que desenvolvera a xardinaría romana, é tamén unha herdanza da antiga Grecia. En xeral o deseño de xardíns na antiga Grecia seguiu patróns similares aos observados na natureza.

2.2. A xardinaría romana

A diferenza das xardinarías antigas, temos importantes ruínas físicas de xardíns da época romana. Os romanos eran principalmente agricultores, gustáballes o campo e a vida nel. Así que os avances dos romanos na agricultura favoreceron tamén a evolución no deseño do xardín. Exemplos sobresaíntes da herdanza romana de xardíns son as ruínas das cidades de *Pompeia* e *Herculano*, sepultadas pola erupción do Vesubio no ano 79, o que permitiu a súa conservación. Outro dos exemplos notables da xardinaría romana son os xardíns da *Villa Adriana* en Tivoli, construída polo emperador Adriano no século II d. C. Os principais elementos que lle achegou a xardinaría romana ás



xardinarías posteriores son: a planta cuadrangular, o patio peristilado, a gruta, a técnica da topiaria (técnica de recortar os vexetais en formas xeométricas), o uso de estatuaria na decoración dos xardíns, a técnica do *trompe l'oeil* (pintar as paredes para que o xardín simulara máis grande), e o *quincux* (plantacións xeométricas de árbores en grupos de 5).

2.3. O xardín islámico

O xardín islámico ten unhas características propias que se manteñen constantes en todos aqueles lugares aos que chegou a cultura islámica, aínda que as características xeográficas fosen moi diferentes e non propiciasen este tipo de xardín. Os persas exerceron unha marcada influencia no Islam e de feito o *trazado cruciforme* (modelo do *Chahar Bagh*-catro xardíns) que é unha constante na organización do xardín islámico, é unha *herdanza da antiga Persia*. O xardín islámico é un xardín *xeométrico, regular e cerrado* (como manda o Corán), onde se pode encontrar a *imaxe idealizada e transformada dun oasis*. Nos xardíns islámicos destaca o uso da auga en infinitas formas, para o goce de todos os sentidos e como medio tamén de refrixerar o ambiente. Destaca tamén o uso da vexetación en patróns libres que contrasta coas formas xeométricas do xardín.

As manifestacións mellor conservadas de xardín islámico encóntranse en lugares xeograficamente moi apartados: a Península Ibérica e a India.

As manifestacións do xardín islámico na Península Ibérica son coñecidas como *xardinaría hispanoárabe*. Aínda que o xardín hispanoárabe mantén as características básicas do xardín islámico (xardín hermético, asociación co paraíso, auga e vexetación exuberante para o deleite dos sentidos) ten unha identidade propia. Durante os 8 séculos de dominación islámica na nosa península (711-1415) os árabes introduciron a súa cultura e a arte de xardíns, encontráronse co legado deixado polo Imperio romano e sobre esa base construíron a súa idea de xardín ou paraíso. As mellores mostras deste tipo de xardín encóntranse no sur de España e entre elas destacan:

— O Patio das laranxeiras (786, Mesquita de Córdoba)

— As ruínas de Medina Azahara (comezáronse no ano 936)

— O Patio da canle de rega (1314 - 1325, no Xeneralife en Granada). Este é un dos exemplos de xardín patio ou *Riad* mellor conservados

— O Patio dos leóns (1350 - 1500, na Alhambra en Granada)

— Patio dos *arrayanes* (na Alhambra de Granada)



Patio da acequia

As manifestacións do xardín islámico na India foron moi posteriores no tempo en comparación coa xardinaría hispanoárabe. As mostras que chegaron ata os nosos días son exemplos espectaculares do xardín paraíso e o xardín mausoleo. Nestes exemplos podemos observar o patrón cruciforme ou *Chahar bagh* que se repite sucesivamente na organización do xardín. Entre os xardíns islámicos na India destacan:


— O *Shalamar Bagh* (coñecido como morada de amor)

— O *Nisha Bagh* (coñecido como xardín das delicias)

Ambos os dous xardíns foron construídos polo emperador Jahangir (1569-1627) no val de Cachemira, e son exemplos de xardín paraíso

— O xardín mausoleo do Taj Mahal (en Agra). Construído polo emperador Shah Jahan (1631-1648) en honor da súa esposa morta prematuramente

Plano dos xardíns do Taj Mahal onde podemos apreciar o patrón cruciforme utilizado na xardinaria islámica:



2.4. A xardinaria na Idade Media

A Idade Media foi un período de latencia e letargo para a xardinaria. As frecuentes guerras e a inestabilidade política marcaron unha época que non foi propicia para a evolución do xardín. O papel do xardín foi principalmente funcional, dedicouse ao cultivo de plantas comestibles ou medicinais. O modelo predominante durante gran parte da Idade Media é coñecido como *hortus conclusus* (xardín cerrado) e tivo lugar en castelos e mosteiros. Debido á falta de espazo eran xardíns de pequeno tamaño. A partir do século XII comeza a desenvolverse un tipo de xardín, máis rico en elementos decorativos e pensado para o deleite, coñecido como *hortus deliciarum* (xardín das delicias).


As características básicas do xardín medieval foron: xardín de planta cuadrangular e cerrado no que destacaba o carácter funcional das plantacións. Os elementos ornamentais que decoraron o xardín medieval foron: *valados* o *celosías*, o *banco con céspede*, *pradería*, *árbores*, *emparrados xunto a muros*, *a montaña artificial*, *os macizos realzados* e o *labirinto*. Aínda que non temos restos de xardíns medievais en Occidente, podemos saber como foron a través de planos conservados, descrições literarias e pinturas da época. Os exemplos máis vivos que temos son os claustros dos mosteiros, os lugares onde se preservou o saber.

A xardinaria na Idade Media tivo un carácter supranacional, con patróns moi similares en todas partes, repetitiva e monótona, sen cambios no deseño de xardíns.

2.5. O xardín renacentista

O xardín renacentista floreceu en Italia no século XVI, a cidade de Florencia foi o principal centro de difusión, pola súa importancia e esplendor económico nesa época, que pasou despois a Roma. Por este motivo os principais exemplos conservados do estilo sitúanse nos arredores destas cidades. Este novo estilo supuxo un cambio total fronte á xardinaría da Idade Media, promovendo a apertura á paisaxe. Os artistas influentes foron Alberti e Bramante a finais do século XV. Os postulados de Alberti que sentaron as bases da evolución renacentista foron: a realización do xardín en pendentes para a contemplación da paisaxe e a conexión do xardín coa vivenda. Pola súa banda, Bramante fixo a primeira contribución revolucionaria para o trazado en pendente cunha escalinata en dúas ramplas que enlazaba o palacio Belvedere e o Vaticano. As características principais deste estilo son:

- Uso de patróns de auga variados (fontes, surtidores, cascadas)
- Escultura variada
- Programa temático que parte da mitoloxía antiga: cariátides, alegoría ou simbolismo, grutas o ninfeos, teatro acuático
- Desenvolvemento de patróns de organización xeométrica máis complexos:
 - Articulación en terrazas, escalinatas en dobre rampla
 - Vexetación subordinada á xeometría
 - Uso de pantallas e sebes de plantas de folia perenne que marcan a estrutura do xardín: efecto claro-escuro (xardín monocromático)



Vista panorámica da Villa Lante

Algúns dos exemplos máis destacados de xardín renacentista e os seus autores son:

- Villa Medici (1458-1461) en Fiesole. Autor: Michelozzo
- Patio Belvedere (1503). Autor: Bramante
- Villa Madama (1516). Autor: Rafael Sandio
- Villa d'Este. Autor: Pirro Liborio
- Bomarzo (Villa Orsini). Autor: Pirro Liborio
- Xardíns de Bovoli (1550). Autor: Il Tribolo
- Villa Giulia (1550). Autor: Giacomo da Vignola
- Villa Lante (1566). Autor: Giacomo da Vignola

— Villa Caprarola (Villa Farnesio, 1584). Autor: Giacomo da Vignola

As últimas *villas* renacentistas italianas de finais do século XVI anuncian xa o estilo barroco que despuntará en Francia no século seguinte. Entre estas *villas* destacan como exemplos notables a *Villa Aldobrandini* e a *Villa Garzoni*. Características destas *villas* son: unha pendente moi acusada, o dominio do bosque que case come o eixe do xardín, e a profusión de elementos decorativos.

2.6. O xardín barroco




Xardíns de Vaux-Le Vicomte (1655)

Os antecedentes do xardín barroco sitúanse en Francia, a principios do século XVII, nos xardíns do palacio de Luxemburgo. O elemento principal é un *parterre* de máis de 160 m de lonxitude realizado en buxo (*Buxus sempervirens*) e deseñado por Boyceau de la Baranderie. Boyceau introduce unha nova concepción do *parterre*, organizado arredor dun eixe formando un conxunto unificado

(principio da unidade formal indisoluble), rompendo así coa idea tradicional do *parterre* como fragmentos independentes.

O xardín barroco culminará en Francia na segunda metade do século XVII baixo a monarquía absolutista de Luís XIV, o rei Sol, responsable da creación do máximo expoñente deste estilo: os famosos *xardíns de Versalles*. Despois do dominio do xardín renacentista durante o século XVI, o novo estilo pasou a ser o modelo a imitar en toda Europa. Os artistas encargados da transformación en 1661 dunha modesta residencia de caza nun maxestoso palacio, que se desprega nun inmenso xardín, foron: o xardineiro André Le Nôtre, o arquitecto Le Vau e o pintor Le Brun. André Le Nôtre xa fixera os xardíns de Vaux Le-Vicomte (1655) para o ministro de finanzas do rei Sol. Le Nôtre non inventou ningún motivo novo de xardinaria, nin en Vaux nin en outros xardíns seus, o seu mérito foi xuntar todos estes motivos nun novo sistema de conxunto, aplicando a disciplina, as regras fixas e a proporción.

As principais características do estilo barroco que quedan patentes nos xardíns de Versalles, son:



Plano dos Xardíns de Versalles


- Plano axial efectivo
- Desenvolvemento tripartito do parque (corte de entrada, palacio e xardíns)
- Perspectiva ilusionista (o xardín prolóngase ata o infinito)
- Uso do *parterre* cunha nova concepción. Este organizarase ao longo dun eixe onde as seccións se enlazan en forma de patrón
- Presenza de grandes superficies de auga reflectantes
- Masas de bosque en contraste coa vexetación recortada
- Profusión de esculturas
- Movemento do conxunto nunha dirección lonxitudinal.
- Vistas calculadas con precisión

André Le Nôtre é considerado o representante máximo do xardín barroco. Outras contribucións súas foron: Fontanebleau (o *parterre* do Tíber), Chantilly, Xardín real en Marly, Clagny e o Xardín das Tullarías.

2.7. A revolución paisaxista

A eclosión do estilo paisaxista, aínda que está latente desde mediados do século XVI, ten lugar de forma rotunda a principios do século XVIII en Inglaterra. É durante a monarquía absolutista de Xacobe I (1561-1626) cando aparece o primeiro personaxe importante do paisaxismo: *Francis Bacon*. Este autor sentará as bases do novo estilo ao modificar as tendencias no deseño do xardín. As súas innovacións consisten en eliminar a topiaria, introducir as formas libres, conservar o motivo decorativo da montaña medieval e engadir novos elementos decorativos, como as fontes italianas, non empregados ata entón. Outras razóns para a eclosión do novo estilo pódense encontrar no cansazo da rixidez das formas imposto polo estilo barroco, os desexos de liberdade do pobo fronte ao absolutismo da corte e o aproveitamento da paisaxe autóctona. O movemento paisaxista supuxo un cambio radical co estilo barroco imperante no século XVII, e buscou a súa expresión na *imitación da natureza* e nos *principios da pintura*. O novo estilo será imitado en toda Europa.

Xardíns de Stowe. Deseño de L. Brown



Os personaxes máis coñecidos e representativos do movemento paisaxista do século XVIII foron: Charles Bridgeman (+1738), William Kent (1684-1748), Lancelot Brown (1716-1785) e William Chambers (1723-1796). Bridgeman estaba formado na escola barroca e as súas obras non chegaron a ser totalmente paisaxistas; no entanto fai cambios importantes ao eliminar a topiaria, cambiar os

parterres por céspede, deixar a paisaxe aberta (mediante o uso dos valados ocultos: *vallas rehundidas*) e atenuar a regularidade das liñas rectas. O personaxe que rompeu completamente co estilo anterior e que foi considerado o verdadeiro creador do xardín paisaxista foi William Kent. As composicións de Kent foron de tipo pictórico, considerándose o primeiro imitador do pintor Claude Lorrain. Introduciu ademais os *clumps*, ou grupos de árbores, e as *belts* ou franxas de arborado. O seguinte personaxe importante é Lancelot Brown tamén coñecido como Capability Brown, porque nos seus deseños se apoiaban na idea de que cada paisaxe tiña as súas capacidades e a súa misión era potencialas. Brown non se inspirou nos pintores de paisaxes e aínda que segue a liña de Kent as súas creacións foron máis sinxelas. Os principais elementos cos que Brown deseñaba foron: amplas superficies de céspede, terreos ondulados, lagos sinuosos utilizando a liña serpentina, sobrio coa arquitectura evitando o uso de elementos artificiais e tratando de manter o carácter natural da paisaxe. Brown é considerado como o representante do paisaxismo no estilo máis puro. O principal detractor de Brown foi William Chambers que introduciu o exotismo e a teatralidade nas súas obras, incorporando elementos chineses. As principais contribucións á xardinaría paisaxista e os seus autores cítanse a continuación:

- Xardíns de Chiswick: 1715, III C. de Burlington; 1730, W. Kent
- X. de Stowe: 1716, Lord Cobham; 1720, Bridgeman; 1733-1735, W. Kent; 1741, L. Brown
- X. de Rousham: 1720, Bridgeman; 1738, W. Kent
- X. de Blenheim: 1724, Vanbrugh; H. Wise (xardíns); 1763, L. Brown; s. XX, restauración aos patróns orixinais de estilo barroco
- X. de Stourhead: 1741, H. Hoare (1705-1785)
- X. de Sheffield Park: 1775, L. Brown; H. Repton; s. XX fixéronse cambios
- X. de Kew: Bridgeman; W. Kent; L. Brown; 1757, Chambers
- Ashridge Park: 1814, H. Repton

Despois de Chambers o xardín paisaxista entrou nun período difícil de escurecemento dos principios orixinais do paisaxismo, o personaxe que reconduciu o deseño do xardín en Inglaterra foi Humphry Repton.

2.8. O xardín oriental

As expresións do xardín son moi diferentes en oriente e occidente debido ás dúas posturas diverxentes fronte á natureza. En oriente hai unha actitude de non intervir mentres que en occidente esta é de control e dominio da natureza.


Para coñecer a xardinaría oriental falaremos primeiro da xardinaría chinesa e despois afondaremos no estudo do xardín xaponés. Os aspectos que marcan o carácter do xardín oriental son:

- A actitude ante a vida e o seu contorno

- As antigas crenzas (as illas dos inmortais)
- O principio de non interferir na natureza
- Os principios vitais básicos: a quietude *Ying* e o movemento *Yang* (a montaña e a auga)
- A partir do s. II a. C. a introdución do budismo na China (introdución do xardín para a meditación ou *Kare-Sanzui*, de influencia budista cen)

Por desgraza, China perdeu unha gran parte dos seus xardíns ao longo dos séculos, conservando descrições e pinturas deles.

As raíces da xardinaria xaponesa son: a mitoloxía, o *Shinto* (ritual antigo do Xapón) e a paisaxe autóctona. Ademais recibiu unha importante influencia da China, incorporando novos elementos como a montaña sagrada, as illas dos inmortais, ou o xardín seco, de tal xeito que o antigo convive co novo (*Shinto*, Daoismo e Budismo). O xardín xaponés é moi constante no tempo e non podemos falar de cambios de estilo senón de tipos de xardíns.



Saiho-Ji (1339)

En Xapón a xardinaria foi unha arte practicada principalmente polo clero e a nobreza. Os xardíns foron case sempre asimétricos e os materiais que empregaron foron a pedra, a area, a auga, o musgo, as árbores e as flores. Nun período de 1500 anos desenvolveu unha ampla variedade de tipos de xardíns (xardín seco, xardíns de té, xardín rotatorio, xardín samurai). O legado de xardíns en Xapón é moi grande e a maioría deles encóntranse nos arredores de Quioto. A cronoloxía do xardín xaponés está vinculada a períodos históricos que citamos a continuación xunto con exemplos de xardíns realizados en cada época:

- Estilo Shinden Zukuri (s. VIII): xardíns do Byodo-in en Quioto (S. XI)
- Período Heian (s. XI-XII)
- Período Kamakura (s. XII-XIV): influencia da seita budista cen (s. XIII):introdúcese o xardín seco (*Kare-Sanzui*, exemplo: xardíns do Saiho-Ji (s. XIV) de Muso Soseki.
- Período Muromachi (s. XIV-XVI): período de máximo esplendor. Exemplos: xardíns do Daizen-In (s. XVI), xardíns do Ryogen-In (s. XV)
- Período Momoyama (s. XVI-XVII)
- Período Edo (s. XVII): (introdúcense o xardín Samurai e o xardín xiratorio. Exemplos: xardíns do Shizen –Do (s. XVI-XVII, xardíns do Palacio Imperial de Katsura (1ª década s. XVII), xardíns do Shugako-In (s. XVII)

As características estilísticas do xardín xaponés son as seguintes:

- Trátase dun xardín irregular e orgánico (a excepción do estilo Shinden Zukuri)
- Utiliza o contraste de planos horizontais e verticais, contrastes tonais (claro-escuro), e ten un carácter escultural
- O xardín ten un sentido rítmico
- Utilizan a técnica do *Shakkei* (incorpora paisaxes distantes no escenario visual do xardín)
- É unha simbiose do antigo co novo

2.9. América e o século XX

A xardinaria americana estivo influenciada pola chegada dos colonos ingleses e holandeses, no século XVII, ao norte de América e pola chegada dos colonizadores españois, no século XVI, ao sur. A influencia da colonización foi maior no norte que no sur. No norte a xardinaria colonial primitiva foi funcional, moi vinculada á agricultura e baseada na reiteración de patróns formais herdados da xardinaria inglesa e holandesa daqueles tempos. A partir de finais do século XVII e principios do século XVIII comezan os intercambios de plantas con Europa e aumenta o interese pola botánica. O cambio de estilo ten lugar a mediados do século XVIII pola influencia do estilo paisaxista inglés. Durante o século XIX unha das persoas influentes en materia de xardíns foi Downing que defendeu as ideas de Humphry Repton, imponéndose o xardín paisaxista en toda a costa este.

En Europa durante o século XIX non se inventou ningún novo estilo. O tipo de xardíns que se fixeron denomínanse eclécticos o que fai referencia á mestura dos estilos existentes, que ten lugar nesta época. En Inglaterra temos dúas posturas contrarias: o uso da informalidade nos deseños que defende William F. Robinson (1839-1935) e a artificialidade que promove Reginald Bromfield (1856-1942) tratando de recuperar os deseños formais. Na última década do século XIX, Gertrude Jekyll e Edwin Lutyens unirán as dúas tendencias mediante o principio de dobre composición, no que contrastan as formas libres e formais. O tema que destaca neste século en Europa é a creación dos primeiros parques de uso público. Esta é unha consecuencia da expansión urbana. A creación destes parques seguiu uns principios estéticos e estivo determinada polos medios técnicos existentes e as necesidades sociais. As maiores creacións na Europa occidental en materia de xardíns, durante o século XIX estivo vinculada aos parques públicos. Inglaterra foi pioneira nesta materia e destacan como exemplos os parques realizados no centro de Londres que formaban unha cadea de 4 km (St. James' Park,



Green Park, Hyde Park e Kensington Gardens). En Liverpool destaca Birkinhead Park (1843), deseñado por Joseph Paxton que cubría unha extensión de 50 ha. En América o primeiro parque público foi o proxecto de Central Park, realizado en 1858 para a cidade de Nova York por F. Law Olmsted. O proxecto abarcou unha superficie de 337 ha.

O século XX, a diferenza do século anterior, foi unha etapa moi creativa na arte dos xardíns. As novas creacións estiveron inspiradas nas novas correntes artísticas como o *Art Nouveau*, o Impresionismo, o movemento Abstracto, ou o Funcionalismo (encabezado por Le Corbusier). Este último estaba inspirado no principio de que a función precedía a forma. Ten lugar tamén unha simplificación do deseño para reducir o mantemento, que se pon de manifesto no uso de espazos amplos de pradaría, uso a grande escala de plantación de recubrimento e abandono de bordes e macizos con plantas herbáceas perennes e anuais. O século XX caracterízase tamén por unha gran diversidade de espazos verdes e unha gran creatividade. As características xerais do deseño do século XX poden resumirse en:

- A diversidade de formas
- O uso da asimetría
- O retorno ás formas básicas (cadrados, círculos, triángulos) que se integran nunha trama superior
- A aplicación dos conceptos básicos, Construtivismo e Purismo, no desenvolvemento de novas ideas
- O deseño faise internacional aínda que destacan escolas e grupos de profesionais cunha identidade propia.



Uso de la escultura en varios ambientes

O uso de estatuas sen sentido figurativo (escultura ambiental ou *Land Art*), a diferenza do que ocorría nos xardíns do Renacemento e o Barroco, foi unha tendencia seguida por algúns deseñadores como Isamu Noguchi ou Adeline Kent entre outros. Chégase tamén a puntos de vista completamente opostos en relación á paisaxe, desde a negación completa do uso do elemento vexetal (E. Aillaud, ideólogo do deseño urbano) ata a mistificación

extrema da paisaxe xenuína e natural.

2.10. Tipoloxía dos espazos verdes actuais

A heteroxeneidade dos espazos verdes é tan grande na actualidade que é moi difícil facer unha clasificación que recolla todas as variantes existentes. Atendendo a criterios de accesibilidade, frecuencia de uso, función, tamaño e uso da vexetación, Agostoni e Marinoni (1987) propoñen

clasificar os espazos verdes actuais nas seguintes categorías: arborado de rúas, o macizo, o xardín, o parque urbano, o parque recreativo, o parque histórico, o parque zoo, o parque agrícola e os espazos naturais protexidos. Outras zonas verdes especializadas non incluídas na clasificación anterior son por exemplo: os xardíns botánicos ou os espazos deportivos.

3. A paisaxe e os recursos naturais

Cando facemos a análise histórica da paisaxe destacan dous aspectos: o que se refire ao interese do home pola conservación dos recursos naturais e o relacionado coa conservación das paisaxes naturais, pintorescas e reservadas.

3.1. Conservación dos recursos

O pioneiro neste tema foi George Perkins Marsh que denunciou, en 1864, a posibilidade de perda de recursos da natureza. A explotación descontrolada dos bosques estaba causando unha rápida deforestación nos EUA. Esta preocupación ecolóxica tivo unha importancia moi grande en materia legislativa neste país e levou á promulgación de novas leis dende 1891 en diante para protexer as reservas forestais, defender os bosques, o solo e a auga.

3.2. Conservación das paisaxes

O interese pola paisaxe, dende o punto de vista estético, pode vincularse á Inglaterra do século XVIII e ao movemento romántico. Nesta época hai unha nova actitude ante a paisaxe e foméntase o gusto polas viaxes de recreo. O personaxe máis influente do momento foi Williams Wordsworth, que en 1750, publica *Guía a través de los lagos*, onde se enalza a beleza da paisaxe no norte de Inglaterra e fai unha descrición del como se fose un cadro. Sesenta anos máis tarde, en 1810, o autor alerta da destrución dos lagos e do seu contorno, coa publicación do libro *Guía por los lagos del Norte de Inglaterra*. Durante o século XIX a preocupación e interese pola natureza é xeral, tanto en Europa como en América do Norte, formándose grupos de naturalistas. Temos que destacar a persoa de Frederick Law Olmsted como unha das máis decisivas e influentes nesta materia. Olmsted mostrouse moi preocupado pola perda de paisaxes pintorescas nos EUA e foi nomeado, en 1864, delegado do Val de Yosemite. Olmsted conseguiu que o val fose conservado, para se converter na primeira zona pintoresca de uso público nos EUA e no mundo enteiro. A Olmsted debémoslle tamén o nacemento da profesión que el acuñou co termo de arquitecto paisaxista.

En Europa, os primeiros países que contaron con parques nacionais foron: Suecia (1909), Rusia (1912), e Suíza (1914). En España a primeira

actuación neste senso foi en 1918, coa promulgación dos lagos de Covadonga como primeiro parque público.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Actividades para acadar os obxectivos:

- Programarase unha visita ao final do primeiro cuadrimestre. A visita durará o día completo. Visitaremos dous xardíns palacianos e un xardín actual. Entregaráselle ao alumnado documentación histórica dos xardíns, así como planos do deseño dos mesmos. Durante a visita analizaremos a organización do xardín, as influencias doutros estilos e a flora ornamental característica.
- Os coñecementos adquiridos nesta unidade serán ademais aplicados nas prácticas de deseño de xardíns, que se realizan na *unidade III: deseño de espazos verdes*.

Os recursos e medios didácticos que precisaremos para o desenvolvemento desta unidade son: fotocopias de planos de xardíns, fotografías, ordenador conectado á internet, proxector multimedia e encerado.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Neste apartado imos fixarnos no procedemento para avaliar o proceso de ensinanza/aprendizaxe desenvolto conxuntamente polo profesor e os alumnos.

Avaliar é comparar e polo tanto é necesario coñecer previamente cal é o estado inicial do alumno respecto aos contidos da unidade.

Avaliación inicial:

- Cuestionario para determinar os coñecementos previos do alumno

Avaliación formativa:

- Exame escrito no que a cualificación obtida para a unidade contribuirá nunha porcentaxe proporcional ao total da materia.

Avaliación final:

- Realización do mesmo cuestionario utilizado para determinar os coñecementos previos

ANEXO: CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN

Neste apartado preséntase un exemplo de cuestionario tipo co que poderíamos avaliar os coñecementos iniciais e finais do alumno.

1. Cales son para ti os significados dos termos xardín e paisaxe?
2. Cales dirías ti que son os elementos imprescindibles dun xardín?
3. Tes idea de cando apareceron os primeiros xardíns na historia da humanidade?
4. Como pensas ti que sucedeu?
5. Que pensas ti que fai diferente un xardín doutro?
6. Explica, se o sabes, o significado dos seguintes termos: peristilo, ninfeo, topiaria, *clump*, *parterre*, Trompe l'oeil, Shakkei
7. Que entendes por un xardín formal?
8. Que entendes por un xardín paisaxista?
9. Cales cres ti que son os traballos que se realizan no sector da xardinaría e do paisaxismo?
10. Pensas que é importante estudar a historia dos xardíns para exercer a actividade de xardinaría ou é algo complementario do que se pode prescindir?

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- AGOSTONI, F. e C.M. MARINONI (1987): *Manuale di Progettazione di Spazi Verdi*. Boloña: Zanichelli Editore.
- BAZIN, G. (1990): *PARADEISOS. Historia del jardín*, Plaza & Janes.
- ENGE, T. O. e C. F. SCHÖER (1992) : *Arquitectura de jardines en Europa*, Alemaña, Colonia: Benedikt Taschen.
- FARIELLO, F. (2004): *La arquitectura de jardines en Europa*, Barcelona: Ed. Reverté.
- FONTES, A. (1986): *jardines 1*, Madrid: Arquitectura y construcción Secuencias 1.
- (1987): *jardines 2*, Madrid: Arquitectura y construcción Secuencias 2.
- (1989): *jardines 3*, Madrid: Arquitectura y construcción Secuencias 4.
- (1991): *jardines 4*, Madrid: Arquitectura y construcción Secuencias 7.
- (1995): *jardines 5*, Madrid: Arquitectura y construcción Secuencias 9.
- GAVIN, D. e T. CONRAN. 2008. *Exteriores: el diseño de jardines en el siglo XXI*, Barcelona: Blume
- LAURIE, M. (1983): *Introducción a la arquitectura del paisaje*, Barcelona: Gustavo-Gili.
- OGRIN, D. (1993): *The world heritage of gardens*, Londres: Thames & Hudson.
- PÁEZ DE LA CADENA, F. (1982): *Historia de los Estilos en Jardinería*, Madrid: Istmo.

Citas de recursos en internet

Buscadores de xardíns:

www.gardens-guide.com/gardenfinder.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

<http://www.gardenvisit.com/m/ekey.htm> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardíns do Imperio romano (os xardíns da Villa Adriana):

www.tibursuperbum.it/es/monumenti/villaadriana/index.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

http://sights.seindal.dk/sight/901_Hadrians_Villa.html [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardíns do Renacemento Italiano (xardíns de Bomarzo, Villa Lante, Villa D'Este):

www.bergerfoundation.ch/Jardin/index_english.html [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

www.bomarzo.net/ [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardín Barroco francés (xardíns de Versalles, Chantilly e Champs sur Marne):

www.grancanariaweb.com/edgar/frances/versalles.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

www.chateaudechantilly.com/html/1chateau/cadre_intro.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

<http://centaurien.free.fr/champs/chateau.html> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardíns do paisaxismo inglés (xardíns de Stourhead, Blenheim e Sheffield Park):

<http://www.nationaltrust.org.uk/main/w-vh/w-visits/w-findaplace/w-stourhead/w-stourhead-garden.htm> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

www.gardenvisit.com/g/blen2.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

<http://www.places-to-go.org.uk/SheffieldPark.htm> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Inglaterra, principios do s. XX (xardíns de Sissinghurst castle e Hidcote)

<http://www.invectis.co.uk/sissing/index.htm#idx> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

<http://www.cv81pl.freemove.co.uk/hidcote.htm> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardín xaponés (tipos de xardíns xaponeses (Vila imperial de Katsura))

<http://www.japan-guide.com/e/e2099.html> [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

www.istockphoto.com/imageindex/1128/4/1128498... [en inglés]

www.fotosearch.com/AGE047/z71-451998/ [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardíns hispanoárabes (xardíns da Alhambra e o Xeneralife)

www.alhambradegranada.org/aFondo/jardinesAlhambra1.asp

[citado o 21 de setembro de 2009]

www.granadahomestay.com/GRANADAPHOTO/Com/spanish/generaife.htm [citado o 21 de setembro de 2009]

Xardíns islámicos en Asia (os xardíns do Taj-Mahal) video

www.taj-mahal.net/augEng/main_screen.htm [en inglés] [citado o 21 de setembro de 2009]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



Servizo de Normalización
Lingüística